



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL E A SOCIEDADE DE PEDIATRÍA DE GALICIA EN MATERIA DE BENESTAR E SAÚDE DIXITAL

A directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa da Consellería de Educación,
Ciencia, Universidades e Formación Profesional,

DECLARA:

Primeiro.- Que a Consellería de de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ten previsto formalizar coa Sociedade Galega de Pediatría o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue desde o día seguinte da súa sinatura, cun período de vixencia de catro anos dede esa data, de acordo co establecido no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, salvo denuncia expresa dunha das partes asinantes.

Segundo.- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a través da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e a Sociedade de Pediatría de Galicia (SOPEGA) para promover o uso responsable da tecnoloxía nos espazos educativos, capacitar ao persoal docente e aliñarse coas familias para preservar o benestar e saúde dos menores á par do seu desenvolvemento na era dixital.

Terceiro.- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Cuarto.- Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

Que é de interese tanto para a Consellería como para a Sociedade Galega de Pediatría preservar o benestar e a saúde dixital do alumnado galego á par do seu desenvolvemento





na era dixital, sendo recomendable establecer unha cooperación que permita xerar puntos de encontro e sinerxías, así como promover un uso ético, crítico e responsable das novas tecnoloxías no ámbito educativo.

Quinto.- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimo xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asino esta memoria en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

Judith Fernández Novoa

